



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

MONTAXE

Recorte tras recorte

Vigo, 6 de Xullo de 2010

Sr. Director de Montaxe

Os traballadores e traballadoras destes Talleres, somos conscientes da importancia que ten o noso traballo. Aquí, na etapa final onde o noso produto colle "vida", é, onde tamén se cometen os maiores abusos en materia de Rendementos.

Dicimos isto, porque, despois de reiteradas denuncias ante a Comisión Paritaria, sobre os graves problemas que temos en Montaxe, estes véñense agravando curiosamente dende a entrada do ANDON, mecanismo que apesares de ser rexeitado no seu día polos traballadores/as, foi imposto baixo o manto de que era unha "ferramenta" para mellorar os problemas de calidade...composición...equilibrio dos repartos etc..NON FOI VERDADE. A C.I.G., por certo en solitario, xa dicía que o fin do Andón non era outro que quitarnos 13 minutos diarios do noso tempo de fatiga.

Para a C.I.G., estamos ante un mal uso da autoridade, con consecuencias negativas para os traballadores/as, cando precisamente a estrutura xerárquica, é quen debe facilitar os medios tanto humanos e organizativos para que poidamos cumprir coas nosas obrigas, en lugar de agudizar os problemas como:

.-Reparto tras reparto e sen modificar a produción se eliminan postos de traballo nas Cadeas, de Módulo en Módulo e para que o conxunto dos traballadores/as non notemos o impacto, vaixe quitando por sistema, un aquí... outro alá...

.-Recórtansenos tempos de operacións sen coñecer as causas obxectivas que puideran motivalos.

.-Postos que no seu día foron habilitados polo Comité de Seguridade e Saúde, como é o caso do "montaxe caucho inferior portas dianteiras do Módulo 34", que agora de novo retorna o Módulo de Portas M.1. (inconceivable).

.-Os 13 minutos do propio Andón, utilízanse para fins impropios como son as avarías de todo tipo.

.-Repartos con operacións por enriba do máximo, con 1'25, 1'30, 1'40, 1'50 e incluso casos que chegan o 1'70, colócanos fronte unha situación de impotencia e frustración. ¿Realmente habería fórmula para que, quen elabora estes repartos intentara facernos unha demostración práctica?

.-Composicións, se a CALIDADE como obxectivo fundamental do noso produto se chamase COMPOSICIÓN, seguramente este grave problema estaría resolto, pero como vai a cargo do noso esforzo, na conta de resultados chamaránlle PRODUCTIVIDADE EXTRA.

Cada vez hai mais xente "..estudiando... analizando... observando... facendo seguimento... comprobando... sacando fotos...etc. etc., namentres o traballo nas Liñas somos menos a facelo.

Señor Director, é hora xa, de que se tomen en serio estes problemas de Montaxe. As consecuencias ademais de non beneficiar a calidade, están danando seriamente a nosa saúde, física e psíquica, tal como revelou o propio estudo Psicosocial. A C.I.G. non está porque estes talleres se convertan en zonas de castigo.

Confederación Intersindical Galega